

## 26 de setembro de 2009. Das 18 ás 21 h., na Praza do Museo Raíña Sofía de Madrid COMUNICADO PERANTE A REFORMA DE LEI DE ABORTO de MULLERES ANTE O CONGRESO

A aprobación polo Consello de Ministros do anteproxecto de Lei Orgánica de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo do 14 de maio de 2008, ocasionou un debate social no cal debemos facer escoitar a voz plural e calma do movemento feminista fronte á gritaría reaccionaria.

**A reforma da lexislación é urxente.** A práctica do aborto no Estado Español é aínda fonte de inseguridade xurídica para as mulleres e para o persoal sanitario. A lexislación coa que contamos desde 1985 supón a criminalización do dereito a decidir sobre a nosa maternidade, os nosos corpos e as nosas vidas. Non nos debemos deixar intimidar, nin o deben facer o Goberno e o Parlamento, por quen desexa no seu afán totalitario que a súa 'moral particular' sexa lei universal, nin sequera dubidaron durante a súa campaña extremista en minimizar a criminalidade do Holocausto e os abusos sexuais contra menores, e mesmo, nalgún caso, chegaron a pedir a despenalización da violación, desacreditándose a si mesmos. **Pedimos, por tanto, que a reforma sexa levada a termo sen vacilacións.**

**Esiximos que a nova lei sexa unha boa lei.** Dirixímonos ao Goberno e ao Parlamento para solicitar que o trámite lexislativo mellore o anteproxecto. Sinalaremos algúns dos aspectos en que son mais necesarias certas melloras:

1. A primeira, que o aborto voluntario sexa regulado nunha lei específica e deixe de estar tipificado como delito. Para iso requírese suprimir o artigo 145 do Código Penal vixente na súa totalidade, e non só modificar o apartado 2 como propón o anteproxecto. Mentres a IVE continúe a estar tipificada como delito manterase a inseguridade xurídica, xa que se poderá *castigar coa pena de multa as mulleres e multa, inhabilitación especial e cárcere* os profesionais.

2. Esiximos que a nova lei non desprotexa as mulleres, obviando as situacións en que levar a termo o embarazo poda supor graves riscos para a súa saúde física e/ou psíquica. Non hai motivo que xustifique o feito de que unha nova lei dea un trato peor ás mulleres do que a Lei de 1985. Ademais, é inadmisíbel que se incremente o número de ditames médicos previos requiridos durante as primeiras 22 semanas, a partir das cales, se nega un dereito que estivo recoñecido durante 24 anos co aval do Tribunal Constitucional.

3. É fundamental que a libre decisión das mulleres non estea limitada ás 14 primeiras semanas, prazo marcadamente insuficiente, non só respecto ás aspiracións históricas do movemento feminista senón tamén respecto ás lexislacións europeas mais avanzadas, en que se admiten prazos por volta das 24 semanas.

4. Requirimos a supresión total dos requisitos de tipo administrativo propostos no anteproxecto, pois supoñen un cuestionamento da capacidade das mulleres para tomar decisións sobre a súa vida, eludindo que son responsábeis para marcar por si mesmas o espazo de reflexión que desexen antes de tomar as súas decisións.

5. Instamos o Goberno a que manteña a proposta, recollida no anteproxecto, de modificación do artigo 9 da Lei de Autonomía do Paciente para equiparar os dereitos das menores de 16 anos ante unha interrupción voluntaria do embarazo con aqueles que xa teñen perante as demais intervencións sanitarias, tanto no ámbito da decisión como no da información a dar ás familias. En particular, queremos salientar que se unha moza ten medo da reacción da súa familia e iso a leva a querer abortar sen informar esta, impedilo provocaría un alto número de abortos clandestinos ou a súa práctica noutros países.

6. Por último, a pesar de que a lei establece algúns criterios xerais sobre Saúde Sexual e Reprodutiva que nos parecen correctos, a súa aplicación non queda garantida polo escaso desenvolvemento que reciben. Por iso, sinalamos, como convocantes deste acto, algúns aspectos que requiren unha formulación mais precisa:

- Regulación das responsabilidades dos centros sanitarios e da obxección de conciencia dos seus profesionais, de forma que esta non poda levar a que determinados centros sanitarios deixen de atender as IVEs por ausencia de persoal disposto a facelo.
- Equidade territorial e un protocolo común para todo o Sistema Nacional de Saúde, que asegure a prestación efectiva da interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, con posibilidades de acceso e proximidade similares en todos os territorios.
- Recoñecemento aos produtos ligados á anticoncepción do mesmo tratamento financiado que teñen outros medicamento e produtos sanitarios dentro do sistema sanitario público, así como a eliminación de todas as dificultades para o acceso á anticoncepción de urxencia.
- Inclusión do aborto nos estudos de medicina, enfermería e outras profesións sociosanitarias, desenvolvendo accións formativas que, desde o enfoque de xénero capaciten para a súa práctica tanto cirúrxica como farmacolóxica, co fin de normalizar e de garantir a preparación do conxunto de profesionais que a levan a termo.
- Impulso da educación sexual con enfoque de xénero nos curriculums de ensino primario e secundario.

**POR UNHA LEI DE ABORTO, POR UNHA BOA LEI, SEN RECORTES**

<http://mujerantecongreso.blogspot.com>

[mujerantecongreso@gmail.com](mailto:mujerantecongreso@gmail.com)

